

# Lugo nos tempos escuros.

## As mencións literarias da cidade entre os séculos V e X (e IX)

---

J. Miguel Novo Güisan

**Resumo:** O presente artigo é o último da serie que, co título de cabeceira, se lle dedicou ao estudo do Lugo tardoantigo ou altomedieval. Nos oito anteriores analizáronse monograficamente as fontes literarias desa etapa histórica que fan referencia a **Lucus**. Este noveno é un comentario xeral, a xeito de conclusión, sobre o papel da cidade nese período histórico.

**Resumen:** *El presente artículo es el último de la serie que, con el título de encabezamiento, se dedicó al estudio del Lugo tardoantigo o altomedieval. En los ocho anteriores se analizaron monográficamente las fuentes literarias de esa etapa histórica que hacen referencia a **Lucus**. Este noveno es un comentario general, a manera de conclusión, sobre el papel de la ciudad en ese periodo histórico.*

### E IX. Unha historia pouco valorada

A miña única intención, ao cerrar con estas poucas liñas a serie de oito artigos que lle dediquei ao estudo das mencións literarias do Lugo tardoantigo, é a de chamar a atención sobre un único extremo: non se valorou, quizais, o suficiente a importancia da historia primitiva da cidade.

É verdade que a arqueoloxía sistemática, que desde hai algúns anos se practica en Lugo, pon cada día ante nós un panorama que, hai só vinte ou vinte e cinco anos, non podían sospeitar nin as expectativas máis optimistas<sup>1</sup>. Os traballos arqueolóxicos realizados aquí e noutras cidades próximas —Astorga, León, Xixón, etc.— non permiten seguir mantendo tópicos como o da escasa ou incompleta romanización do norte peninsular que, quizais, puideron ter certa xustificación tres ou catro décadas atrás.

Pero non é soamente a arqueoloxía a que nos pode facer valorar máis o papel que a cidade xogou en tempos pretéritos, posto que o estudo das fontes escritas, sexan literarias ou doutra índole, non está nin moito menos esgotado, poden reinterpretarse de novo e poden e deben ser o complemento dos obxectos materiais que se arrincan do subsolo.

---

1 RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (coord.), *Lucus Augusti I. El amanecer de una ciudad*, A Coruña, 1996. RODRÍGUEZ COLMENERO, A. et alii, *Urbs romana. As orixes da cidade de Lugo*, Lugo, 1995.

Ao mesmo tempo, faise necesario revisar vellos conceptos historiográficos que, de tan manidos, se converteron pouco menos que en dogmas de fe. Refírome en concreto a dous que poden afectar directamente a nosa visión do pasado remoto da cidade: a chamada crise do século III e as tinguiduras de decadencia e ocaso que sempre foron unidos indisolublemente a expresións tales como **Baixo Imperio**<sup>2</sup>. E digo isto porque pode acontecer que sexan esas, e mesmo as inmediatamente posteriores, as etapas máis brillantes da historia remota de **Lucus**.

Coas consideracións que seguen saímonos, por debaixo, dos límites cronolóxicos desta serie, pero considero necesario facelas, porque ilustran ben o que aquí se quere salientar.

Cando redacto estas liñas (outubro de 2003), hai pouco máis de dous anos que o romanista de Heidelberg, Géza Alföldy, presentaba unha nova hipótese sobre unha pasaxe, ata entón descoñecida, da historia de España e que afecta a nosa cidade.

A aparición preto de Roma, a mediados dos anos noventa, dunha nova epígrafe e a relectura doutras dúas xa coñecidas —unha delas de Lugo— permitíronlle ao erudito xermano descubrir a existencia dunha provincia romana —a **Hispania Superior Gallaecia**— ata entón absolutamente descoñecida e que estivo vixente durante uns anos da primeira metade do século III. Ao mesmo tempo, aínda que non é este o lugar de entrar niso, dábaselle nova luz ao controvertido asunto da **Provincia Hispania Nova Citerior Antoniniana** creada por Caracalla e coñecida de antigo por dúas epígrafes de León. Pois ben, a relectura dunha inscrición atopada na muralla de Lugo en 1894 e conservada no seu Museo Provincial<sup>3</sup>, permítelle a Alföldy defender a posibilidade de que fora Lugo a capital desa provincia **Superior Gallaecia**, que comprendeu, segundo el, as terras dos dous conventos xurídicos de Lugo e Braga. Non descarta Alföldy a posibilidade de que mesmo Lugo mantivese a capitalidade da definitiva provincia de **Gallaecia** saída, máis tarde, das reformas administrativas impulsadas pola tetrarquía. Sempre se considerou que esa capital fora Braga, para defendela hai indicios, pero non probas contundentes<sup>4</sup>.

Nun capítulo anterior desta serie<sup>5</sup> estudáronse as mencións que a Lugo fai no seu *Cronicón* o bispo Hidacio de Chaves. Defendouse nel a posibilidade de que Lugo fose ata o ano 460 a capital da **Gallaecia**. Para sustentar tal cousa reestudouse a posibilidade de que o **rector** que menciona Hidacio como residente en Lugo, fose o **rector provinciae**, é dicir, o gobernador provincial, no momento en que o caudillo (¿rei?) suevo, Frumario ou, quizais mellor Rechimundo, se apodera de **Lucus** na Pascua dese ano, segundo reza a pasaxe hidaciana. Díciase entón que, tras caer Braga con anterioridade ao ano 460 en mans dos suevos, ese **rector** lucense puido ser o gobernador da parte de **Gallaecia** que aínda estaba baixo o control imperial. Se isto se dicía era porque se partía da opinión común, segundo a cal fora **Bracara** a capital da Gallaecia creada por Diocleciano. É evidente que se a intuición de Alföldy se confirmase, de modo que Lugo e non Braga fose a capital desa provincia dende o momento da súa creación, non sería necesario seguir mantendo o cambio da capitalidade como consecuencia da caída de Braga nas mans dos suevos. Pero, con traslado ou

2 CEPAS PALANCA, A., *Crisis y continuidad en la Hispania del siglo III*, anejos de AEspA, XVII, Madrid, 1997. CAVADA NIETO, M., *La crisis económico-monetaria del siglo III: ¿un mito historiográfico?*, Santiago, 1994.

3 ARIAS VILAS, F., LE ROUX, P. y TRANOY, A., *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, 1979, n.º 32, pp. 58-59.

4 ALFÖLDY, G., *Provincia Hispania Superior*, A Coruña, 2002.

5 Remítolle ao lector o dito no artigo n.º II desta serie, “Lugo en la crónica de Hidacio”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, VII, vol. I, 1995-96, pp. 67 ss. Prescindo agora do aparato crítico que xa se manexou neste artigo.

sen el, creo que se pode manter que o **rector** hidaciano era o gobernador provincial e, polo tanto, ao residir en Lugo, era esta cidade, nese momento, a capital da **Gallaecia**.

Así pois, logo do dito, temos a Lugo convertida, durante uns anos do século III, na posible capital da **Provincia Hispania Superior Gallaecia**. Nun segundo momento —primeira metade do século V— todo parece indicar que a cidade volveu ser a sede dun gobernador provincial, se é que xa non o era con anterioridade a esas datas.

Aínda é posible rastrexar un terceiro ou cuarto (¿) momento en que a cidade desempeñou papel capitalino.

Vimos tamén, noutro capítulo anterior desta serie, como a mediados do século VII reside en Lugo un **Dogilanus** que se titula **dux lucensis**, e que, segundo unha adición da **Vita Fructuosi**, é o responsable de deter o santo cando se dispón a peregrinar a Terra Santa. Resulta probable, entón, que ese Dogilano fose o **dux provinciae Gallaeciae**, é dicir, outra vez, a terceira, temos un gobernador provincial que reside en Lugo. Así permiten supoñelo os traballos de don Manuel Díaz e Díaz e de don Luis García Moreno, que se utilizaron amplamente no capítulo correspondente desta serie<sup>6</sup>.

A provincia de **Gallaecia**, que, a mediados da sétima centuria, puido rexer dende Lugo o duque Dogilano, parece ser menor, en extensión territorial, que a demarcación do mesmo nome creada por Diocleciano séculos atrás. É probable que, entre 653 e 683, se creasen dúas novas provincias ou ducados con terras que, antes, o foran da **Gallaecia** tardorromana. Son elas as de **Cantabria** e a de **Asturia**. Deste modo é posible que Amaya se convertese na capital da nova provincia de **Cantabria**; Astorga fose a capital do novo ducado de **Asturia** e Lugo quedase como sede do gobernador do resto de **Gallaecia**.

Se é así, resulta imposible dicir ata cando mantivo Lugo ese probable rango capitalino, pero, como tamén se estudou noutro capítulo anterior desta serie<sup>7</sup>, é posible que o seguise mantendo ata o momento mesmo da invasión musulmá de 711. Nese capítulo ao que acabo de aludir, e seguindo os traballos de L. García Moreno, analizábase tal posibilidade. Indicios de que puido ser así dáos o cronista musulmán tardío al-Maqqari cando describe a ruta que seguiu, na súa campaña do norte, o caudillo musulmán Muza no ano 714. Foron precisamente Amaya, Astorga e Lugo os tres lugares que atacou Muza, o que resulta coherente co feito de que eran eles as capitais dos tres ducados sinalados e, polo tanto, as cabezas dos seus respectivos distritos e o lugar de residencia das autoridades visigodas. ¿Cuarto momento?

É verdade que todo o dito é máis ben pura hipótese que feitos contrastados, pero tamén o é que se trata de hipóteses coherentes onde se poden encaixar, sen ter que forzalos, os datos coñecidos que, para estas etapas históricas, son sempre e, por desgraza, poucos. A penumbra espesa dos “tempos escuros” non deixa facer moito máis, pero os textos que, de cando en vez, resgan esas tebras permiten entrever que quizais as murallas de Lugo serviron de acubillo a máis cousas das que se supoñían hai só uns poucos anos.

---

6 Artigo n.º V, “Lugo en la **Vita Fructuosi**”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, IX, 1999-200, pp. 222 ss.

7 Artigo n.º VII, “Lugo en al-Maqqari”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, XI, 2004, vol. 2, pp. 63 ss.